



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL SANTA COMBA

A convocatoria de selección de persoal e as bases: 9 peón/a (PEL Concellos-23 da Deputación provincial da Coruña)

ANUNCIO

Expediente núm.: 2023/E001/000005

Praza/s: Peón/peoa

Plan/Programa/Orde/Convenio: PEL -Concellos 2023-

Núm. prazas: 9

Asunto: convocatoria do proceso de selección (artigo 205 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia)

A alcaldesa no decreto núm. 513/2023 do 05/04/2023 aprobou as bases que rexerán na convocatoria para a selección deste persoal laboral temporal:

Denominación	Peón/peoa
Núm. de prazas	9
Programa/Plan/Convenio	PEL -Concellos 2023-
Réxime	<i>Persoal laboral temporal</i>
Sistema de selección	Concurso-oposición, quenda libre
Modalidade Submodalidade	Contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, (código 505), ao abeiro da disposición adicional novena do Real decreto Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo polo que se modifican as modalidades contractuais
Duración do contrato	Máximo de catro meses, non prorrogable, no período do 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023, polo que a súa duración non supera os seis meses
Xornada laboral	75 %
Prazo de presentación das instancias	Cinco (5) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no <i>Boletín Oficial da Provincia da Coruña</i> .

As bases e os modelos de solicitude deste proceso selectivo atoparanse publicadas no taboleiro de edictos electrónico do Concello de Santa Comba, incluído no portal da sede electrónica do Concello de Santa Comba (<https://sede.santacomba.es>) e na web municipal (www.santacomba.es).

Santa Comba, 10 de abril de 2023

A alcaldesa

María Josefa Pose Rodríguez

(Documento que se asina electronicamente)

2023/2663